

**CONTRATO PARA EXECUCIÓN DA OBRA "CAMIÑO PRINCIPAL EN SANDAR (AGRÓN)".  
POS ADICIONAL 1/2017.**

**Na Casa do Concello de Ames a 29 de outubro de 2018.**

**REÚNENSE:**

Dunha parte, D<sup>a</sup> Genma Otero Uhía, alcaldesa por delegación (decreto 2223/2018, 16 de outubro) do Concello de Ames, asistida da secretaria do Concello, D<sup>a</sup> Rosa Ana Prada Queipo, en execución dun acordo relativo a unha adxudicación de obra que foi adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 18 de outubro de 2018.

Doutra parte, D. José Antonio Gómez Rodríguez, con DNI nº 32.814.311-G, na representación de **SYR AMG, SLU** con **C.I.F. B-15938780** e domicilio en Froxil nº 5, Meson do Vento (15869) Ordes (A Coruña).

É o obxecto da presente reunión formalizar e asinar o contrato administrativo de execución da obra "**CAMIÑO PRINCIPAL EN SANDAR (AGRÓN)**", e ó obxecto establecen as seguintes

**CLÁUSULAS:**

1<sup>a</sup>.- O Concello de Ames adxudica a SYR AMG, SLU a realización das obras comprendidas no proxecto de "**CAMIÑO PRINCIPAL EN SANDAR (AGRÓN)**" no prezo de TRINTA E SEIS MIL TRESCENTOS NOVENTA E TRES CON NOVENTA (**36.393,90.- €**) máis o IVE repercutible ao tipo do 21% que ascende á contía de SETE MIL SEISCENTOS COARENTA E DOUS CON SETENTA E DOUS (**7.642,72.- €**), de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2<sup>a</sup>.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o concurso e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3<sup>a</sup>.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4<sup>a</sup>.- A obra será executada no prazo máximo de **6 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5<sup>a</sup>.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **1.819,70 €**, mediante aval de ABANCA, inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº. 369886 correspondente ó 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

6<sup>a</sup>.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asínano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria, certifico.

A ALCALDESA,-



Concello  
de AMES

Pz. do Concello, nº 2, Bertamiráns  
15220 AMES (A Coruña)  
Telf: 981 883 002 Fax: 981 883 925

A SECRETARIA,-



O CONTRATISTA,-



**SYR-AMG**  
obras y servicios  
C.I.F.: B-15.938.780